



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 16 DE MARZO DE 2020

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/1428/2019.- DAVID FUENTES SAMPEDRO.- Conceder licenza para reestructuración e ampliación dunha vivenda unifamiliar situada na Travesía do sisto, 50.

LIC/734/2019.- COTO SANTIAGO SL.- Conceder licenza para a construción dun edificio de 14 vivendas, locais comerciais e garaxes (PB+2+BC) e 2 plantas de soto na parcela situada no Agro do Francés – Rúa do Avío, 10 -14.

LIC/1876/2017.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS HOME SANTO, 43- 45.- Conceder licenza para acondicionamento de plantas en garaxe no inmovible sito na rúa do Home Santo, 43-45 e rúa do Tomiño, 20 -2 C.

LIC/1123/2019.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS SAN PEDRO DE MEZONZO, 32.- Conceder licenza para substitución dun ascensor e creación dunha nova parada en planta baixo-cuberta no edificio situado na rúa San Pedro de Mezonzo nº 32.

PARCELACIONES/SEGREGACIONES.-

LIC/801/2019.- MONICA PAIS SUAREZ.- Aceptar a cesión gratuita e libre de cargas formalizada en escritura pública e conceder licenza para agrupación e posterior parcelación das parcelas en lugar de Larañiño, 36 a e 38.

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para reestructuración e ampliación dunha vivenda unifamiliar situada na Travesía do Sisto, 50. LIC/1428/2019.

Apróbase a proposta.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para a construción dun edificio de 14 vivendas, locais comerciais e garaxes (PB+2+BC) e 2 plantas de soto na parcela situada no Agro do Francés - Rúa do Avío, 10 -14. LIC/734/2019.

Apróbase a proposta.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para acondicionamento de plantas en garaxe no inmovible sito na rúa do Home Santo, 43-45 e rúa do Tomiño, 20 -2 C. LIC/1876/2017.

Apróbase a proposta.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para substitución dun ascensor e creación dunha nova parada en planta baixo-cuberta no edificio situado na rúa San Pedro de Mezonzo nº 32. LIC/1123/2019.

Apróbase a proposta.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión gratuita e libre de cargas formalizada en escritura pública e concesión de licenza para agrupación e posterior parcelación das parcelas en lugar de Larañiño, 36 a e 38. LIC/801/2019.

Apróbase a proposta.

7.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Apróbase a proposta.

47.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á aprobación do expediente, gasto e apertura do procedemento de adxudicación do "servizo de limpeza nos edificios e instalacións dependentes do concello de Santiago de Compostela".

Apróbase o gasto correspondente á apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 2.463.770,34 euros (IVE aparte). O total, IVE incluído, serían 2.981.162,11 euros. Tramítase como un expediente anticipado de gasto, xa que a execución material da prestación non se iniciará ata a entrada en vigor do orzamento municipal 2020, quedando condicionado, polo tanto, a súa aprobación definitiva e á súa inclusión nos exercicios orzamentarios de 2020 (869.505,61 euros IVE incluído), 2021 (1.490.581,06 euros IVE incluído) e 2022 (621.075.45 euros IVE incluído).

48.- Diversas propostas da concelleira delegada de Facenda relativas á desestimación de recursos de reposición presentados contra acordos de denegación de bonificacións no imposto sobre bens inmobles.

Rexeitado recurso de reposición dun particular, porque o inmovible ao que se fai referencia non está localizado nas áreas delimitadas pola ordenanza fiscal.

49.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á denegación dunha bonificación no imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Denegada a bonificación por non cumprir os requisitos esixidos na ordenanza fiscal.

50.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión dunha bonificación no imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Denegada a bonificación por non cumprir os requisitos esixidos na ordenanza fiscal.

51.- Propostas da concelleira delegada de Facenda relativas á concesión de exencións solicitadas nas taxas por saneamento e depuración de augas residuais, subministración de auga e conservación de contadores e recollida domiciliaria de lixo.

Aprobada a concesión de varias exencións solicitadas que cumpren os requisitos esixidos nas Ordenanzas Fiscais.

52.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á prórroga do contrato de aluguer de local na parroquia de Barciela para uso como centro sociocultural.

Apróbase prorrogar o contrato de aluguer polo prazo de tres meses a contar desde o 1 de abril ata o 30 de xuño. Arrendador e Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro de 551,30 euros mensuais.

53.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos.

Apróbase o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, recoñecendo a débeda contraída coa empresa "Sociedade Municipal de Xestión de Transporte Urbano" por un importe de 6.624,29 euros, en concepto de alugueiro dos locais ocupados polos servizos de Parques e Xardíns, Proxectos e Obras e Bombeiros, na estación de autobuses, polo período correspondente ao mes de xaneiro de 2020. Apróbase unha indemnización substitutiva a favor de dita empresa por un importe de 6.624,29 euro con imputación ao orzamento xeral vixente.

Apróbase o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, recoñecendo as débedas contraídas con Autocares Rías Baixas, S.L., en concepto de entregas a conta correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2019 pola realización do servizo da liña L-7 do transporte colectivo urbano. Acórdase aprobar unha indemnización a favor de dita empresa por importe de 48.932,29 euros.